

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**

**LOMCE (cursos pares)**

*DEPARTAMENTO  
DE INGLÉS*

**CURSO 2022-2023**

# ÍNDICE

<b>1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....</b>	<b>4</b>
<b>2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....</b>	<b>5</b>
<b>3 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBLES: .....</b>	<b>8</b>
<b>4 OBXECTIVOS .....</b>	<b>10</b>
<b>5.1 OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA NA ESO .....</b>	<b>10</b>
<b>5.2 OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA EN BACHARELATO .....</b>	<b>12</b>
<b>6. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN ÓS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN: .....</b>	<b>14</b>
<b>7 METODOLOXÍA DIDÁCTICA: .....</b>	<b>30</b>
<b>8 MATERIAIS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>34</b>
<b>8.1 LIBROS DE TEXTO .....</b>	<b>34</b>
<b>9 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN .....</b>	<b>35</b>
<b>9.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN: .....</b>	<b>35</b>
<b>9.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....</b>	<b>37</b>
<b>9.2.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º ESO .....</b>	<b>37</b>
<b>9.2.1.1 2º ESO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA .....</b>	<b>38</b>
<b>9.2.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º ESO .....</b>	<b>39</b>
<b>9.2.2.1 4º ESO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA .....</b>	<b>40</b>
<b>9.2.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º BACHARELATO .....</b>	<b>41</b>
<b>9.2.3.1 2º BACHARELATO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO .....</b>	<b>42</b>
<b>10 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....</b>	<b>47</b>
<b>11 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE .....</b>	<b>49</b>
<b>12 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS .....</b>	<b>51</b>
<b>13 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>52</b>
<b>14 ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....</b>	<b>54</b>
<b>15 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....</b>	<b>56</b>
<b>16 FOMENTO DA LECTURA: .....</b>	<b>57</b>
<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó PLAN LECTOR .....</b>	<b>57</b>

<b>17 FOMENTO DAS TAC: .....</b>	<b>58</b>
<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó PLAN TAC .....</b>	<b>58</b>
<b>19 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN CÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA61</b>	
<b>20 PROFESORADO MEMBRO DO DEPARTAMENTO .....</b>	<b>62</b>

# 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Carlos Casares comezou funcionar o curso 1983-1984 có nome de Instituto de Bacharelato Polivalente do Meixueiro. Dende o ano 2002 o centro pasou a denominarse IES Carlos Casares, en homenaxe ao escritor.

Somos un centro de ensino público adicado a ESO e Bacharelato, có obxectivo de preparar ao noso alumnado para o acceso a Ciclos ou a estudos universitarios. Recibimos alumnado dos seguintes centros adscritos:

- CEIP Chans Bembrive
- CEIP Santa Mariña de Cabral
- CEIP Igrexa Candeán
- CEIP Carballal Cabral

O centro conta con diferentes instalacións: pavillón polideportivo, auditorio, tres aulas de informática, dous talleres de tecnoloxía e dous laboratorios de ciencias.

O claustro componse aproximadamente de 50 Profesores, a maioría con destino definitivo no centro. O centro conta na actualidade con persoal non docente: dous administrativos, dous conserxes e tres limpadores.

O alumnado de ESO e Bacharelato pertence, na súa maioría, ao Concello de Vigo. A práctica totalidade do alumnado de ESO utiliza o transporte escolar, subvencionado pola Consellería de Educación. O número de alumnos ronda os 500.

## 2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Imos expoñer os aspectos máis relevantes a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

- **Competencia en comunicación lingüística: (CCL)**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.(CMCCT)**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

### ▪ **Competencia dixital (CD)**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

### ▪ **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

### ▪ **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

### ▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

### ▪ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

### 3 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

#### 2º ESO

- I. Lectura comprensiva: Comprensión dun texto sinxelo de nivel medio sobre temas familiares ao alumno con estruturas e vocabulario xa vistos na clase. O alumno será capaz de entender as preguntas xerais sobre o texto e serán aceptadas as respostas que emitan una mensaxe correcta aínda que non sexan totalmente correctas gramaticalmente.
- II. Expresión escrita: Escribir frases e textos breves de tipo descritivo e narrativo acerca da propia realidade do alumno sendo capaces de producir textos comprensibles aínda que presenten incorreccións morfosintácticas.
- III. Gramática: Recoñecemento e emprego das estruturas gramaticais estudadas no curso e incluídas na programación.
- IV. Comprensión oral: Comprender o esencial de pequenos textos orais ou diálogos sobre temas sempre familiares ao alumno. Capacidade de comprender as orientacións do profesor para as tarefas da clase.
- V. Vocabulario: Coñecemento activo e pasivo dun mínimo de palabras e expresións estudadas durante o curso.
- VI. Expresión oral: Capacidade de expresarse minimamente para pedir permiso, pedir informacións sobre algo da clase etc. Transmitir un mínimo de información sobre eles mesmos e os seus compañeiros e a súa familia.

#### 4º ESO

- I. Lectura comprensiva: Comprensión dun texto dunha lonxitude razoable e estruturas e vocabulario traballadas no curso. As preguntas de comprensión referiranse á idea central do texto e aceptaranse as respostas que sexan correctas dende o punto de vista da comprensión aínda que se utilicen as mesmas palabras do texto.
- II. Expresión escrita: Escribir unha composición dunhas 80 palabras de tipo narrativo ou descritivo dentro das áreas léxicas estudadas coa transmisión minimamente comprensible dunha mensaxe, utilizando as estruturas, funcións, vocabulario e nexos axeitados.
- III. Gramática: Recoñecemento e produción das estruturas gramaticais estudadas neste curso e produción das que foron aprendidas no curso anterior.



IV. Comprensión oral: Capacidade de comprender o esencial dun pequeno texto ou diálogo con apoios previos.

V. Vocabulario: Coñecemento activo e pasivo dun mínimo de palabras e expresións das áreas léxicas estudadas durante o curso.

VI. Expresión oral: Capacidade de transmitir cun mínimo de comprensión información sobre si mesmo ou o seu entorno nalgunhas das situacións incluídas na programación.

## **2º BACHARELATO**

I. Lectura comprensiva: Ler e entender un texto de 300 palabras de tipo xeral (descritivo, narrativo ou argumentativo) sobre temas e estruturas vistas neste curso, sendo capaces de responder preguntas de comprensión con distintas palabras das que aparecen no texto.

II. Expresión escrita: Producir un texto de 150 palabras de tipo narrativo, descritivo ou argumentativo dentro das áreas léxicas estudadas. Os alumnos serán capaces de: Transmitir unha mensaxe cometendo a mínima cantidade de erros aceptables. Contrastar tempos verbais (presente simple, presente continuo, pasado simple, pasado continuo, futuro, presente perfecto, pasado perfecto, condicional). Utilizar conectores de tempo, contraste, adición, etc. (Later, the next, firstly, however, although...). Distinguir entre estilo directo e indirecto.

III. Comprensión oral: Capacidade de comprender un texto ou diálogo con ousen apoio previo.

IV. Gramática: Produción das estruturas gramaticais estudadas dende os cursos anteriores ata o de agora.

V. Vocabulario: Coñecemento activo e pasivo dun mínimo de palabras e expresións das áreas léxicas estudadas, así como o coñecemento dos mecanismos de formación de palabras: prefixos, sufixos e palabras compostas.

VI. Expresión oral: Capacidade de transmitir información sobre eles mesmos ou o seu entorno nalgunhas das situacións incluídas na programación e tamén sobre temas xerais.

## 4 OBXECTIVOS

### 5.1 OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA NA ESO

A materia de inglés, presente nos catro anos desta etapa, ten un carácter progresivo, polo que a meirande parte dos elementos que a compoñen son os mesmos para os catro anos, variando no grao de complexidade, dificultade das estruturas e amplitude do léxico en cada un dos cursos. Nesta programación só figuran os correspondentes a 2º e 4º.

#### 2º E.S.O.

- ⇒ 1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
- ⇒ 2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- ⇒ 3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- ⇒ 4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- ⇒ 5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- ⇒ 6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- ⇒ 7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).
- ⇒ 8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- ⇒ 9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
- ⇒ 10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

#### 4º E.S.O.

- ⇒ 1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
- ⇒ 2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- ⇒ 3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- ⇒ 4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- ⇒ 5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- ⇒ 6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- ⇒ 7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).
- ⇒ 8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- ⇒ 9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
- ⇒ 10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

## 5.2 OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA EN BACHARELATO

A materia de inglés, presente nos dous anos desta etapa, ten un carácter progresivo, polo que a meirande parte dos elementos que a compoñen son os mesmos para os dous anos, variando no grao de complexidade, dificultade das estruturas e amplitude do léxico en cada un dos cursos.

Nos dous cursos de bacharelato contamos cunha materia optativa de reforzo e / ou ampliación da propia lingua.

O ensino da Lingua estranxeira en 2º de bacharelato terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

### 2º BACHARELATO

1. - Expresarse e interactuar oralmente de forma espontánea, comprensible e respectuosa, con fluidez e precisión, utilizando estratexias axeitadas ás situacións de comunicación.
2. - Comprender a información global e específica de textos orais e seguir o argumento de temas actuais emitidos en contextos comunicativos habituais e polos medios de comunicación.
3. - Escribir diversos tipos de textos de forma clara e ben estruturados nun estilo axeitado aos lectores aos que van dirixidos e á intención comunicativa.
4. - Comprender diversos tipos de textos escritos de temática xeral e específica e interpretalos criticamente utilizando estratexias de comprensión axeitadas ás tarefas requiridas, identificando os elementos esenciais do texto e captando a súa función e organización discursiva.
5. - Ler de forma autónoma textos con fins diversos axeitados aos seus intereses e necesidades, valorando a lectura como fonte de información, disfrute e ocio.
6. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para falar e escribir de forma axeitada, coherente e correcta, para comprender textos orais e escritos, e reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira en situacións de comunicación.
7. - Adquirir e desenvolver estratexias de aprendizaxe diversas, empregando todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, co fin de utilizar a lingua estranxeira de forma autónoma e para seguir progresando na súa aprendizaxe.
8. - Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais da lingua estranxeira para comprender e interpretar mellor culturas distintas á propia e a lingua obxecto de aprendizaxe.

9. - Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a importancia que ten como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural, tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre as distintas culturas.

10. -Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira, con actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade neste proceso.

## 6. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN ÓS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN:

### 2º ESO

#### 1ª AVALIACIÓN

##### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 1:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre museos e galerías de arte (CCL / CD / CCEC), e nunha presentación sobre un programa de talentos na televisión (CCL / CSC / CCEC)

**Unit 2:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre Escocia (CCL / CMCCT / CD / CCEC) e nunha entrevista sobre persoas que cambiaron o mundo (CCL / CSC / CMCCT / CCEC)

**Unit 3:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre organizacións benéficas (CCL / CSC / CD / CCEC) e nunha presentación sobre desastres naturais (CCL / CMCCT / CSC)

##### BLOQUE 2 PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 1:** Pedir e dar información persoal (CCL / CSC / CCEC)

**Unit 2:** Falar sobre unha experiencia (CCL / CSC / CSIEE)

**Unit 3:** Falar e debater sobre un tema particular (CCL / CMCCT / CAA / CSIEE)

##### BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**Unit 1:** Identificar a información específica nun artigo sobre deportes urbanos (CCL / CSC / CCEC) e nun texto sobre atraccións turísticas no Reino Unido para comparalas coas do seu país (CCL / CCEC / CSC)

**Unit 2:** Identificar a información específica sobre unha novela escrita nun móbil (CCL / CD / CCEC) e nun texto sobre o festival alternativo de Edimburgo (CCL / CSC / CCEC)

**Unit 3:** Identificar a información específica nunha noticia sobre lóstregos (CCL / CMCCT / CSC) e nun texto sobre un terremoto en Nova Zelandia (CCL / CSC / CCEC)

## BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**Unit 1:** Escribir un perfil persoal (CCL / CSIEE / CAA)

**Unit 2:** Escribir unha recensión sobre un lugar interesante (CCL / CAA / CSIEE)

**Unit 3:** Escribir unha narración ficticia sobre un día cheo de incidentes (CCL / CSC / CSIEE / CAA)

## BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

**Unit 1:** Entender e utilizar correctamente o *present simple* e o *present continuous*, saber cando usar cada un deles e utilízalos correctamente con expresións temporais. Establecer paralelismos coa L1 e producilos nunha actividade oral curta (CCL / CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado con actividades de tempo libre, destrezas e capacidades (CCL / CSC / CCEC) Identificar e producir a terminación da terceira persoa do singular do *present simple*. Identificar a entonación ascendente e descendente nas preguntas (CCL)

**Unit 2:** Entender e utilizar correctamente o *past simple* (CCL / CAA), facer preguntas correctamente e completar un texto usando *was / were* e *could / couldn't* (CCL / CAA)

Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado coa literatura e coas profesións (CCL / CMCCT / CSC / CCEC) Identificar e producir o son schwa. Identificar e producir a terminación regular *-ed* do *past simple* (CCL)

**Unit 3:** Entender e utilizar correctamente o *past continuous* (CCL / CAA). Entender cando utilizar o *past simple* ou o *past continuous*, establecer paralelismos coa L1 e usalos nunha actividade oral curta (CCL / CSC / CSIEE / CAA). Entender e utilizar correctamente adverbios (CCL / CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado co tempo atmosférico e os desastres naturais (CCL / CMCCT / CSC / CCEC) Identificar e producir a pronunciación de *was / were* (CCL)

## 2ª AVALIACIÓN

### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 4:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre animais (CCL / CMCCT / CSC / CD) e nun diálogo sobre un proxecto (CCL / CMCCT / CSC)

**Unit 5:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre tecnoloxía (CCL / CMCCT / CD) e nunha audición sobre ciencia e un experimento na aula (CCL /

CMCCT / CSIEE)

**Unit 6:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre compras (CCL / CSC / CD) e nunha entrevista na rúa (CCL / CSC)

## **BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**

**Unit 4:** Falar sobre preferencias

**Unit 5:** Falar sobre a ciencia no futuro (CCL / CMCCT / CD / CSIEE) e describir unha fotografía (CCL / CSIEE / CAA)

**Unit 6:** Falar sobre as tarefas domésticas que poden facer (CLC / CAA / CSIEE)

## **BLOQUE 3 COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 4:** Identificar a información específica nun artigo sobre unha illa escocesa (CCL / CMCCT / CD / CCEC) e nun texto sobre safaris en Sudáfrica (CCL / CMCCT / CCEC / CSC)

**Unit 5:** Identificar a información específica nun artigo sobre predicións para o futuro (CCL / CMCCT / CCEC) e nun texto sobre un día na vida dun astronauta (CCL / CMCCT / CCEC / CSC / CSIEE)

**Unit 6:** Identificar a información específica nun taboleiro sobre consellos para facer diñeiro (CCL / CSC CD) e nun texto sobre tendas de segunda man (CCL / CSC / CCEC)

## **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 4:** Escribir unha descrición xeográfica (CCL / CMCCT / CSIEE / CAA)

**Unit 5:** Escribir unha redacción de opinión (CCL / CAA / CSIEE)

**Unit 6:** Escribir unha carta informal (CCL / CSC / CSIEE / CAA)

## **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**Unit 4:** Entender e utilizar correctamente comparativos e superlativos e establecer paralelismos coa L1 (CCL / CAA). Entender e utilizar correctamente nomes contables e incontables (CCL / CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado coa xeografía, a paisaxe e os animais (CCL / CMCCT / CSC) Identificar e producir a pronunciación *schwa* en comparativos e superlativos (CLC) e os sons velar plosivo sonoro e palato-alveolar africado sonoro (CLC)



**Unit 5:** Entender e utilizar correctamente *will / won't*, establecer paralelismos coa L1 e producilos nunha actividade oral curta (CCL / CAA / CSIEE). Entender e utilizar correctamente o *first conditional* (CCL / CAA) Entender, memorizar e utilizar correctamente vocabulario relacionado coa ciencia e a ciencia na aula (CCL / CMCCT / CSC) Identificar e producir a pronunciación da contracción *'ll* do futuro (CCL)

**Unit 6:** Entender e utilizar correctamente *be going to*, establecer paralelismos coa L1 e produci-lo nunha actividade oral curta (CCL / CAA / CSIEE). Entender e utilizar correctamente *will* e *would like* (CCL / CAA). Facer frases utilizando expresións temporais de futuro (CCL / CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado con ocupacións e tarefas e diñeiro e compras (CCL / CMCCT / CSC) Identificar e producir o sonido 's+consoante' en posición inicial e o sonido 'w' (CCL)

### 3ª AVALIACIÓN

#### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 7:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre transporte (CCL / CMCCT / CSC / CD) e nunha reportaxe sobre bicicletas eléctricas (CCL / CMCCT / CSC)

**Unit 8:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre Irlanda (CCL / CD / CMCCT / CCEC) e nun programa de radio sobre supersticións (CCL / CCEC / CSC)

**Unit 9:** Identificar a información xeral e específica nun vídeo sobre Australia (CCL / CD / CMCCT / CCEC) e en dúas chamadas a unha liña de axuda (CCL / CSC / CCEC)

#### BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 7:** Preguntar e responder sobre distintos medios de transporte que usan (CCL / CAA)

**Unit 8:** Preguntar e responder sobre o deporte que fan (CCL / CSIEE / CAA)

**Unit 9:** Pedir e dar consellos sobre un problema de saúde (CCL / CSIEE)

#### BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**Unit 7:** Identificar a información específica nun artigo de opinión sobre os adolescentes Amish (CCL / CCEC / CSC) e nun texto sobre a ruta 66 (CCL / CSC / CCEC)

**Unit 8:** Identificar a información específica nun artigo sobre superstición e deporte (CCL / CD / CCEC / CSC) e nun texto sobre supersticións en Irlanda (CCL / CMCCT / CSC)

**Unit 9:** Identificar a información específica nun folleto sobre acoso na rede (CCL / CSC / CD) e nunha guía de supervivencia no interior de Australia (CCL / CMCCT / CCEC)

#### **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 7:** Escribir un blog (CCL / CD / CSIEE / CAA)

**Unit 8:** Escribir un email (CCL / CD / CSIEE / CAA)

**Unit 9:** Escribir unha mensaxe de texto (CCL / CD / CSIEE / CAA)

#### **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**Unit 7:** Entender e utilizar correctamente o *present perfect*, establecer paralelismos coa L1, preguntar e respostar usando o *present perfect* e producir unha actividade oral curta (CCL / CAA / CSIEE) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado co transporte e verbos de movemento (CCL / CMCCT / CSC) Identificar e producir o son 'i' (longo e curto) e o son 'l' (CCL)

**Unit 8:** Entender e utilizar correctamente o *present perfect + for* e *since*, a diferenza entre o *present perfect* e o *past simple* e establecer paralelismos coa L1 (CCL / CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado co deporte e as competicións deportivas (CCL / CMCCT / CSC) e verbos de movemento (CCL / CAA) Identificar e producir a ligazón 'consoante final + son vogal' (CCL)

**Unit 9:** Entender e utilizar correctamente *should / shouldn't* e *must / mustn't* e repasar os tempos de presente pasado e futuro (CCL / CAA) Entender memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado con cuestións persoais e a saúde (CCL / CSC / CMCCT) Identificar e producir a entoación adecuada para expresar sentimentos (CCL)

## 4º ESO

### 1ª AVALIACIÓN

#### BLOQUE 1 COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

**UNIT 1:** Comprender unha conversa sobre un festival e entender información nunhas entrevistas. (CCL/CD/CSC/CCEC)

**UNIT 2:** Identificar a información específica nunha audición sobre unha linguaxe e unha recensión dunha película. (CCL/CD/CSC/CCEC)

**UNIT 3:** Identificar a información específica nunha audición sobre unha historia misteriosa e tamén nunhas presentacións escolares. (CCL/CD/CSC/CCEC)

#### BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**UNIT 1:** Falar sobre plans, comparar actividades e facer unha entrevista. (CCL/CSIEE/CAA)

**UNIT 2:** Preguntar e responder nun Trivial Quiz. (CCCL/CSIEE/CAA)

**UNIT 3:** Debater sobre unha noticia recente e contar unha historia inventada. (CCL/CSIEE/CAA)

#### BLOQUE 3 COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**UNIT 1:** Identificar o contido xeral e extraer información específica dun folleto e dun texto sobre os medios de comunicación. (CCL/CAA)

**UNIT 2:** Identificar o contido xeral e extraer información específica dunha recensión sobre unha serie de TV e dun texto sobre cantantes británicos. (CCL/CAA/CCEC)

**UNIT 3:** Identificar o contido xeral e extraer información específica dun artigo sobre un misterio sen resolver e dun texto sobre o que teñen en común *Frankenstein*, *A Christmas Carol* e *Cinderella*. (CCL/CAA/CSIEE/CCEC)

#### BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

**UNIT 1:** Escribir unha reportaxe sobre unha persoa. (CCL/CD/CAA/CSIEE)

**UNIT 2:** Escribir una recensión dunha película. (CCL/CD/CAA/CSIEE/CCEC)

**UNIT 3:** Escribir unha narración sobre unha experiencia de medo.  
(CCL/CD/CAA/CSIEE)

## **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**UNIT 1:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais do Future Continuous e os conectores de causa e efecto. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado con riscos e perigos, e expresións para dar advertencias e instrucións de seguridade. (CCL/CAA/CSC) Entender, contrastar e utilizar correctamente os sons /e/ e /I/ e o acento nas oracións gramaticais. (CCL/CAA)

**UNIT 2:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais das oracións de relativo, *some, any, no* e os seus compostos e os conectores de contraste. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado coa realeza, as películas e a TV. (CCL/CAA/CCEC) Utilizar correctamente as estruturas gramaticais para facer plans para quedar e saber facer unha presentación. (CCL/CAA/CD) Contrastar e utilizar correctamente os sons que aparecen no Pronunciation Appendix da páxina 162. (CCL/CAA)

**UNIT 3:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais do *Present Perfect Simple / Past Simple* e *Past Perfect Simple / Past Simple*, o uso de *used to* e os conectores de secuencia. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado cos misterios e os fenómenos naturais e sobrenaturais. (CCL/CAA/CMCCT) Contrastar e utilizar correctamente os sons /w/ e /j/ e tres pronunciacións diferentes do "o" (ver Pronunciation Appendix páxina 162). (CCL/CAA) Entender, contrastar e usar correctamente Inglés británico e americano e ser capaz de expresar opinións. (CCL/CAA/CSIEE)

## **2ª AVALIACIÓN**

### **BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**

**UNIT 4:** Identificar a información xeral e específica nunha audición sobre un concurso e en outra sobre un programa de radio. (CCL/CD/CAA/CCEC)

**UNIT 5:** Identificar a información xeral e específica nunha audición sobre unha reportaxe do Día dos Singles e unha conversación nunha tenda. (CCL/CD/CSC)

**UNIT 6:** Identificar a información xeral e específica en dúas audicións, unha sobre unha entrevista radiofónica e outra sobre unha enquisa. (CCL/CD/CSC)

## **BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**

**UNIT 4:** Preguntar e responder sobre comportamento e expresar arrepentimento. (CCL/CSC/CSIEE)

**UNIT 5:** Describir un produto e falar sobre o futuro. (CCL/CSIEE/CMCCT)

**UNIT 6:** Contar o que outras persoas dixeron e reproducir unha conversa. (CCL/CSC)

## **BLOQUE 3 COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**UNIT 4:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais de unha infografía sobre as formigas e dun texto sobre os estudos sociais. (CCL/CSC)

**UNIT 5:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais dunha páxina web e dun texto sobre economía. (CCL/CD/CMCCT)

**UNIT 6:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais dun informe sobre un importante problema medioambiental e dun texto sobre o medio ambiente. (CCL/CMCCT/CSC)

## **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**UNIT 4:** Escribir un correo electrónico formal sobre un problema. (CCL/CD/CSIEE/CSC)

**UNIT 5:** Escribir un artigo de opinión. (CCL/CSIEE/

**UNIT 6:** Escribir unha recensión sobre unha viaxe feita.(CCL/CSC/CSIEE)

## **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**UNIT 4:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais das condicionais, as oracións subordinadas temporais e a linguaxe formal. (CCL/CAA)

Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario sobre as relacións sociais e a vida na cidade.(CCL/CAA/CSC)Entender e usar correctamente as estruturas necesarias para respostar nunha entrevista e completar un cuestionario. (CCL/CAA/CSC)Entender, contrastar e pronunciar correctamente as palabras con letras que non soan. (CCL/CAA)

**UNIT 5:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais da

---

pasiva e poder expresar opinións. (CCL/CAA/CSIEE/CSC) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario sobre marketing e compras. (CCL/CAA/CMCCT/CD/CSC)

Entender, contrastar e usar correctamente linguaxe cotiá para comprar, vender e escribir un anuncio SMS. (CCL/CAA/CD/CSC/CSIEE) Contrastar e pronunciar correctamente os sons que aparecen nas páxinas 162-163 do Pronunciation Appendix. (CCL/CAA)

**UNIT 6:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais do estilo indirecto e os conectores de adición. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario sobre o medio ambiente e a reciclaxe. (CCL/CAA/CMCCT/CSC) Entender, contrastar e usar correctamente as estruturas necesarias para rexistrarse nun hotel e escribir un anuncio. (CCL/CAA/CSC/CSIEE)

### **3ª AVALIACIÓN**

#### **BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**

**UNIT 7:** Identificar a información xeral e específica nunha audición sobre a saúde e os seus problemas. (CCL/CSC)

**UNIT 8:** Identificar a información xeral e específica en dúas audicións, unha sobre un experimento e outra sobre unha experiencia persoal. (CCL/CMCCT)

**UNIT 9:** Identificar a información xeral e específica nunha audición sobre xoves de varios países falando sobre as súas escolas. (CCL/CSC)

#### **BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**

**UNIT 7:** Preguntar e responder sobre a saúde. (CCL/CSIEE)

**UNIT 8:** Falar sobre preferencias e sobre un mesmo. (CCL/CSC/CSIEE)

**UNIT 9:** Describir diferentes actividades reflectidas nunhas fotos e falar sobre os diferentes traballos ou actividades que sempre quixeches facer. (CCL/CSC/CSIEE)

#### **BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**UNIT 7:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais dun artigo online e un texto sobre tecnoloxía. (CCL/CD/CMCCT)

**UNIT 8:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais de unha entrada de blog e un texto sobre cultura. (CCL/CD/CCEC9)

**UNIT 9:** Identificar o esencial e extraer as ideas principais dun texto no que se comentan diferentes estratexias de lectura. (CCL/CAA)

## **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**UNIT 7:** Escribir un correo electrónico informal. (CCL/CSIEE/CD)

**UNIT 8:** Escribir a descrición dunha experiencia persoal. (CCL/CSIEE/CSC)

**UNIT 9:** Escribir un correo electrónico formal para solicitar un posto de traballo. (CCL/CSIEE/CD/CSC)

## **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**UNIT 7:** Entender, contrastar e utilizar correctamente estruturas gramaticais con verbos modais e linguaxe informal. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario sobre partes do corpo e problemas de saúde. (CCL/CAA) Saber usar estruturas e expresións para ir ao médico e escribir un correo electrónico pedindo información. (CCL/CAA/CDC) Contrastar e pronunciar as palabras que aparecen na páxina 163 do Pronunciation Appendix. (CCL/CAA)

**UNIT 8:** Entender, contrastar e utilizar correctamente estruturas gramaticais con xerundios e infinitivos e adxectivos e adverbios. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario sobre os sentidos e os adxectivos descritivos. (CCL/CAA)

Entender, contrastar e usar correctamente estruturas e expresións para pedir e dar indicacións, para escribir un anuncio e un comentario sobre un museo. (CCL/CAA/CSIEE/CSC/CCEC) Contrastar e pronunciar correctamente as palabras que aparecen na páxina 163 do Pronunciation Appendix. (CCL/CAA)

**UNIT 9:** Entender, contrastar e utilizar correctamente as estruturas gramaticais e os diferentes tempos verbais estudados este curso. (CCL/CAA) Entender, memorizar e usar correctamente o vocabulario visto ao longo do curso. (CCL/CAA) Entender, contrastar e usar estruturas e expresións para pedir e dar consello e completar un CV online. (CCL/CAA/CD/CSC/CSIEE)

## 2º BACHARELATO

### 1ª AVALIACIÓN

#### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 1:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre xente de distintas partes do mundo falando en inglés. (CCL, CSC,CCEC). Identificar a información específica nunha audición/vídeo dun podcast sobre telefonía móvil.(CCL, CD). Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre os malos modos.(CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 2:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre o deporte e a vida sana.(CCL,CAA, CSIEE,CCEC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre o parapente. (CCL,CAA, CSIEE,CCEC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre capoeira. (CCL,CAA, CSIEE,CCEC)

#### BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 1:** Explicar o significado de algunhas palabras en parellas ou por grupos.(CCL, CAA,CSC)Respostar ás preguntas dun cuestionario sobre a linguaxe.(CCL,CAA, CSC, CCEC)Formular e responder preguntas sobre alguna novidade na vida do alumno. (CCL,CAA, CSC, CSIEE, CCEC)Falar sobre o papel da tecnoloxía na aprendizaxe das linguas .(CCL, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC)Opinar e responder preguntas sobre os bos e os malos modais en diferentes situacións.(CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 2:** Respostar ás preguntas dun cuestionario sobre a vida sana e o deporte.(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)Falar sobre un deporte ou pasatempo que lles guste. (CCL, CSC, CSIEE, CCEC)Formular definicións de deportes conectando as oracións con pronombres relativos.(CCL, CAA, CSC, CSIEE)Describir fotografías sobre a forma física e o exercicio físico.(CCL, CAA)Describir fotografías sobre diferentes eventos nos que alumno poidera estar (un concerto, unha manifestación...).(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)Contestar preguntas e falar sobre a posibilidade de practicar parapente.(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)



### **BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 1:** Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre porqué as redes sociais e internet non son antisociais.(CCL, CD, CAA, CSC,CCEC)

Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre os malos modos en diferentes situacións. (CCL, CAA, CSC,CCEC)Comprender o contido dun poema de James Huggins.(CCL, CSC, CCEC)

**Unit 2:** Entender un quiz sobre records no deporte.(CCL, CSC)Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre a perseverancia e a resistencia.(CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)

### **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 1:** Escribir unha redacción de opinión sobre as redes sociais.(CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 2:** Escribir un texto narrativo sobre una celebración, un acontecemento deportivo ou un concerto ó que o alumno asistira.(CCL, CAA, CSIEE, CCEC)

### **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**Unit 1:** Léxico: a linguaxe e a comunicación. Construcións gramaticais: o estilo indirecto. Parafrasear con estilo indirecto.Entender e utilizar correctamente estruturas gramaticais relacionadas co estilo indirecto.Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario relacionado cos idiomas e a comunicación en xeral, con internet e as redes sociais e co uso do móbil (phrasal verbs relacionados co mundo da telefonía). (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)Identificar e producir sonidos difíciles de pronunciar (ver pax.9 textbook)Socioloxía: os malos modais.( CCEC)

**Unit 2:**Léxico: O deporte, manterse en forma, o exercicio físico. Construcións gramaticais: As oracións de relativo. Parafrasear con oracións de relativo. Verbos con preposicións. Entender e utilizar correctamente estruturas gramaticais relacionadas coas oracións de relativo. A práctica da capoeira e o parapente.(CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)

## 2ª AVALIACIÓN

### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 3:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre as compras.(CCL, CAA, CSC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre os problemas coa auga embotellada. (CCL, CAA, CSC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre os minimalistas (xente que vive con moi poucas posesións materiais) (CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre a contaminación producida por os plásticos nas praias de Hawaii.(CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 4:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre diferentes tipos de sociedades e culturas. (CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre un xuicio a adolescentes por un delito cometido (role play) (CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)Identificar a información específica nunha canción (“In the Big Rock Candy Mountains) (CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)Identificar a información específica nun vídeo sobre os Maasai. (CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)

### BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 3:** Facer preguntas e expresar a súa opinión sobre o feito de ir de compras, os seus hábitos á hora de comprar.(CCL, CSC, CCEC)Responder a preguntas dun cuestionario sobre o lixo que xeramos debido o consumo. (CCL, CSC, CCEC)Facer una presentación oral de dous minutos sobre un tema a escoller entre varios. (CCL, CSC, CSIEE, CCEC)

Aportar posibles respostas para as preguntas formuladas nun correo electrónico.(CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CCEC)Responder a algunhas preguntas feitas sobre unhas fotografías.(CCL, CSC, CCEC)Aportar ideas en grupos para resolver o problema de Hawaii que se presenta nun vídeo.(CCL, CD, CAA, CSIEE, CCEC)

**Unit 4:** Responder preguntas sobre o seu país, goberno...Aportar ideas supoñendo que poideramos cambiar a sociedade.(CCL, CSC, CCEC)Formular e establecer opinións baseándose en determinados condicionantes respecto o mundo no que vivimos.( CCL, CSC, CCEC)Dar a súa opinión, respondendo a preguntas sobre os xuicios a adolescentes. Argumentar e xustificar o castigo que propoñan para determinados delitos. Comparar opinións e tratar de chegar a un acordo.(CCL, CAA, CSC, CCEC)Imaxinar unha viaxe co instituto á terra dos Maasai e facer unha pequena presentación sobre a nosa cultura e sociedade.(CCL, CAA,, CSC, CCEC)

### **BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 3:** Comprender o contido duns pequenos textos sobre distintos tipos de compradores.(CCL, CSC, CSIEE)Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre as compras. (CCL, CSC, CSIEE)

**Unit 4:**Comprender a información dun pequeno texto sobre as sociedades e civilizacións.(CCL, CAA, CSC, CCEC)Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre as comunas hippies.(CCL, CAA, CSC, CCEC)Comprender o contido dun texto sobre os xuicios a adolescentes. (CCL, CAA, CSC, CCEC)Comprender o contido dunha canción (“ In the Big Rock Candy Mountains” de Harry McClintock) (CCL,CAA, CCEC, CCEC)

### **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 3:** Escribir unha carta formal ou informal ou correo electrónico reclamando unha compra on-line que non chegou.(CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE,CCEC)

**Unit 4:** Escribir un ensaio argumentativo sobre as vantaxes e desvantaxes do castigo de cárcere. Seguindo un esquema prefixado.(CCL, CAA, CSC, CCEC)

### **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**Unit 3:** Léxico: As compras: comprar, vender, malgastar... “idioms”(frases feitas) relacionadas co tema. A basura, o que tiramos e non consumimos nin reciclamos. Construcións gramaticais: a voz pasiva, o causativo. Transformacións con voz pasiva.(CCL, CAA)Distinta entonación para facer énfasis en distintas partes da oración. (CCL, CAA)

Falar/ler sobre os minimalistas e os océanos cheos de plástico.(CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 4:** Léxico. A sociedade, a xustiza, os delitos. Sufixos para a formación de nomes abstractos Phrasal verbs relacionados. Sinónimos. Construcións gramaticais: As oracións condicionais (Wishes and regrets). (CCL, CAA, CSC, CCEC)Falar/ler sobre a vidas ancestrais ( a tribu dos Maasai). (CCL, CAA, CSC, CCEC)

### 3ª AVALIACIÓN

#### BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 5:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre as modas malas ou dañinas ó longo da historia (corsets, maquillaxe feito con chumbo...) (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre os certámenes de beleza para nenos. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre un arresto policial. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre body art and decoration (piercings...)(CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 6:** Identificar a información específica nunha audición/vídeo dun podcast sobre métodos alternativos de educación. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre o que se debe e non se debe facer nunha entrevista. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre un coleccionista de conos e tráfico (coleccionistas de cousas curiosas en xeral) (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar a información específica nunha audición/vídeo sobre cal sería o mellor traballo do mundo. (CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)

#### BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

**Unit 5:** Dar a súa opinión sobre a moda e a aparencia das persoas. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Falar sobre as distintas modas ó longo da historia. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

Describir unha fotografía facendo hipótesis de que pode suceder nela. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Formular e responder preguntas sobre algún dos textos das unidades anteriores. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 6:** Falar sobre as ventaxas e desventaxas de ir á universidade, que fai á xente exitosa e cal sería o traballo ideal. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Responder preguntas sobre cal é o mellor traballo do mundo. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Preparar respostas para unha entrevista para traballar como presentador na TV ou para unha plaza nunha universidade británica. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Preguntar e respostar preguntas sobre un anuncio para un traballo. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Responder preguntas para debate sobre a xente que colecciona cousas curiosas. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

### **BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 5:** Identificar o contido xeral e extraer a información específica de uns textos sobre a moda ó longo da historia. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre a ciruxía estética. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre a moda da excesiva delgadez. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre o debate de levar ou non uniforme ó colexio. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 6:** Comprender a información de varios pequenos textos sobre algúns persoeiros famosos por os seus traballos. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre una persoa que cambia e traballo cada semana. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre os segredos do éxito. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Identificar o contido xeral e extraer a información específica de un texto sobre o mellor traballo do mundo. (CCL, CAA, CSC, CCEC) Comprender o contido dunha pasaxe de “Oliver Twist” de Charles Dickens. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

### **BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

**Unit 5:** Escribir un resumo en 50 ou 60 palabras dun texto da unidade. (CCL, CD, CAA)

**Unit 6:** Escribir unha carta ou correo electrónico de presentación que acompañe o CV. (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

### **BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

**Unit 5:** Léxico: a imaxe. Os sufixos –en, -ify, -ize. Descripción de persoas. Construcións gramaticais: Os verbos modais: forma, función e alternativas. Transformacións con verbos modais. Os concursos de beleza de nenos. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

**Unit 6:** Léxico: As carreiras. Os nomes compostos (oficios). Construcións gramaticais: As estruturas verbais (verb+object+infinitive). Adxectivos usados para cualidades personais. Acento e entonación. Falar/ ler sobre distintas formas de coleccionismo. (CCL, CAA, CSC, CCEC)

## 7 METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Hoxe en día considérase fundamental o que se di (o uso da lingua a nivel de comunicación oral), sen restarlle importancia, claro está, ao que se escribe (o uso da lingua escrita), de maneira que todo ensino de linguas estranxeiras debe partir das formas orais para chegar ás escritas, e non ao revés, como preconizaban os métodos tradicionais.

A metodoloxía a seguir será ante todo **cíclica**, dado que o modo de avaliar será a avaliación continua, de maneira que os contidos sobre os que se traballe nun determinado momento sirvan de base para a ampliación que deles se realizará en etapas posteriores. Deberá ser tamén unha metodoloxía activa e **globalizadora**. Activa para que resulte amena e motive ao alumnado, e globalizadora para que dende un punto de partida global se chegue despois ao análise concreto de cada aspecto a tratar.

Ademais destas características, a metodoloxía a seguir será **ecléctica**, é dicir, non nos cinguiremos ao seguimento dun só método en concreto, senón que utilizaremos unha selección de métodos e técnicas que axuden aos alumnos a crear as súas propias estratexias de aprendizaxe:

- Grammar-translation method
- Audio-lingual method
- Direct method
- Structural-situational method
- Communicative approach
- Task-based approach
- Autonomous learning
- Construtivismo
- Aprendizaxe significativa
- Aprendizaxe por tarefas
- Aprendizaxe por proxectos

De cada un destes métodos de aprendizaxe tomaranse os aspectos máis acertados, atendendo ao tipo de contidos e de alumnado có que esteamos traballando. En resumo, intentarase levar a cabo o proceso de aprendizaxe mediante unha metodoloxía **flexible**, non dogmática nin prescriptiva.

A característica principal da aula de idioma debería ser a mobilidade. O alumnado tería que poder moverse con facilidade para formar parellas ou grupos e lograr así unha maior participación na clase e poder fomentar a aprendizaxe cooperativa.

A figura do profesor/a non será a de instrutor/a, senón a de guía e coordinador/a da aprendizaxe do seu alumnado, deixando de lado o compoñente maxistral tan presente no sistema tradicional.

Aínda que o texto elixido para calquera dos cursos é completo e recolle os contidos necesarios non proporcionará ao profesorado todo o material que pode utilizar. Así, por exemplo, para facilitar a comprensión escrita poderanse utilizar folletos explicativos (viaxes, anuncios,...), contos, relatos breves, encrucillados, xogos en xeral, narracións con preguntas de comprensión, etc. A utilización deste material variará de acordo co nivel de aprendizaxe de cada grupo, ou incluso de cada alumno/a.

O método deberá ser adecuado ao ritmo normal de aprendizaxe e o material lingüístico deberá ser presentado de forma directa e interesante, empregando cando sexa necesario instrumentos audiovisuais, así como calquera outro recurso que poda sernos útil co fin de que o alumnado poida asociar os coñecementos adquiridos na aula co as súas experiencias na vida cotiá e cos coñecementos que xa posúe, e consecuentemente se sinta atraído a sacar o maior rendemento das clases.

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus primeiros coñecementos previos.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. O alumnado non só terá que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que o alumnado non só sexa capaz de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.

Os nenos e nenas aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta).

Os traballos realizados polo alumnado no transcurso da clase poderán levarse a cabo de xeito cooperativo, en gran grupo, en pequenos grupos, por parellas ou traballo individual. Todas as actividades que non sexan individuais deberán estar orientadas a:

- Intensificar a práctica do idioma.
- Realizar un traballo creativo, imposible de realizar individualmente en moitas ocasións.

Cada actividade realizada na aula non debe durar máis do tempo necesario, para que cumpra o seu obxectivo. A experiencia demostra que o cambio constante de actividades nunha clase é positivo en todos os niveis de aprendizaxe.

Para poñer en práctica os coñecementos é convinte crear un concepto. Debemos crear unha situación como punto de arranque e un soporte que resulte atractivo, ben porque sexa actual e estea relacionado co mundo do alumnado, ben porque sexan temas de interese xuvenil.

Calquera que sexa a actividade plantexada, sempre terá que ter un propósito, un claro obxectivo pola que se leva a cabo, aínda que o alumnado non sexa consciente de porqué e para qué se fai.

A prácticas utilizadas mais acotío será: EXERCICIOS / ACTIVIDADES / TAREFAS / PROXECTOS. Traballados no día a día mediante:

- Diálogos. As posibilidades para explotar os diálogos son moi numerosas. O diálogo permite practicar a nova lingua de forma viva e eficaz, xa que implica a dous ou máis falantes e practícanse expresións propias da fala. Contamos ante todo cós diálogos proporcionados polos libros de texto e a súa correspondente gravación para realizar exercicios de comprensión oral. Ademais destes, faranse outros seguindo a guía do profesor, creando situacións similares ás propostas en cada unidade; estes poderán ser: entrevistas, opinións persoais, conversas telefónicas, etc., e poderán derivar tamén noutra práctica na clase: o role-play.
- Role-play.
- Exercicios. Oraís ou escritos de repetición, substitución e transformación, a finalidade dos cales é a fixación de estruturas. Contribúen a que o orde correcto dos elementos na oración se converta nun hábito, e capacitan o alumno para facer analoxías correctas, coñecer e construír estruturas sen a axuda constante do profesor.
- Ditado. Co ditado exercítase a ortografía e as estruturas e practícase tamén a comprensión oral.
- Resumo dalgún texto ou lectura que se aporte.



- Descrición de lugares, persoas ou obxectos, por exemplo en fotos.
- Composición. Dirixidas ou libres, que versarán sobre un tema coñecido polo alumnado a partir dun esquema proposto polo profesorado.
- Ordenar ou completar frases ou narracións incompletas ou desordenadas.
- Escribir cartas ou tarxetas ou completar un formulario.
- Tradución. As traducións tanto directas como inversas deberían quedar relegadas a un segundo plano mentres o alumnado non adquira certa soltura en expresión oral. Unha vez conseguido isto introducirase a tradución, facéndolles ver ao alumnado que na meirande parte das ocasións, esta non pode ser literal debido ás características propias de cada lingua, á compoñente cultural e a que os falantes de linguas diferentes teñen modos distintos de ver o mundo que lles rodea.
- Manexo de dicionario bilingüe e monolingüe.

A meirande parte destes tipos de actividades propostas poderanse levar a cabo mediante a división do gran grupo en parellas (pair work) ou en grupos pequenos (group work).

## 8 MATERIAIS DIDÁCTICOS

### 8.1 LIBROS DE TEXTO

- **2º ESO**  
Crawford, Michele: Pulse 2. Macmillan, 2014. Student's book and DIGITALworkbook.
  
- **4º ESO**  
Devlin, Emily: Way to English 4, Burlington Books, 2016. Student's book and DIGITALworkbook.
  
- **2º BACHARELATO**  
Wetz, Ben: Key to Bacharelato 2, OUP, 2014. Student's book and DIGITAL workbook.

## 9 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### 9.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:

Os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes valoraranse a partir da valoración do traballo diario, as actividades, as tarefas, os proxectos e a nota das probas ou exames. A nota final da avaliación resultará da media ponderada de todas as obtidas ó longo da mesma, tendo tamén en conta a valoración das actitudes. Estaremos a falar sempre dunha avaliación continúa. Non tería sentido na aprendizaxe dunha lingua facelo doutro xeito.

Os procedementos que se utilizarán para avaliar serán os seguintes:

- Control do traballo diario: preguntas orais e escritas, probas curtas, redaccións, resumos, esquemas, vídeos, proxectos, deberes, cadernos, libros de exercicios dixitais...
- As probas das unidades estudadas incorporando nelas o contido lingüístico e funcional practicado na aula e utilizando as mesmas técnicas e estratexias que se traballaron ó longo da avaliación, avaliando así todas as destrezas, receptivas e productivas: a comprensión oral, a expresión oral, a comprensión escrita e a expresión escrita, mediante actividades nas que se practiquen: a) *listening*, b) *speaking*, c) *reading*, d) *writing*, e) *grammar and vocabulary (functional language)*, f) *mediation*, g) *interaction*, h) *cultural awareness*. Sendo todas elas habilidades comunicativas. En cada trimestre haberá probas específicas para cada unha delas, atendendo á seguinte porcentaxe:

○ Comprensión oral (Listening)	15%
○ Comprensión escrita (Reading)	10%
○ Expresión oral (Speaking)	10%
○ Expresión escrita (Writing)	20%
○ Funcións lingüísticas (Functional language: Grammar and Vocabulary)	30%
○ Traballo na casa e na clase (Homework and participation)	15%

En segundo de bacharelato serán tamén avaliábeis exames de textos das probas da ABAU incluíndo as probas de 'listening'.

No caso evidente de que algún alumno/a copie ó logo da realización de calquera proba ou exame, será calificado con unha nota de cero sobre dez.

No caso de que un alumno/a non faga un exame e non aporte xustificación documental oficial nos tres días posteriores á incorporación á clase, non poderá ser avaliado positivamente nese exame ou proba.

A nota final de curso terá en conta as notas das tres avaliacións do seguinte xeito: a 1ª avaliación será o 20% da nota total, a 2ª avaliación será o 30% da nota total e a 3ª avaliación será o 50% da nota total. Esta porcentaxe (20%-30%-50%) só será válida en caso de aprobar a 3ª avaliación, xa que a última avaliación é a máis importante, ó tratarse dunha avaliación continua de contido progresivo. No caso de que o alumno/a da E.S.O. suspenda a terceira avaliación, terá dereito a outra oportunidade na avaliación ordinaria de xuño. No caso de que o alumno/a de Bacharelato suspenda a terceira avaliación, terá dereito a outra oportunidade na avaliación ordinaria e de suspender nesta convocatoria ordinaria, terá que presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

O alumnado que curse a materia optativa de “Reforzo de inglés” en 1º de Bacharelato, faino no marco da LOMLOE, polo que non terá nota específica en tal materia. O alumnado que curse a materia optativa de “Ampliación e/ou reforzo de inglés” en 2º de Bacharelato, faino no marco da LOMCE, polo que non terá nota específica en tal materia, pero a avaliación da mesma incluírase na nota da materia de inglés de 2º de Bacharelato, podendo variar ata un punto a devandita nota.

#### Convocatoria extraordinaria de xuño en bacharelato:

A cualificación da avaliación extraordinaria de xuño obterase por medio dunha proba cuxo valor será o 100% da nota final.

## 9.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 9.2.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º ESO

- Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.
- Expresarse con fluidez en conversacións sobre sí mesmo ou o seu entorno nalgúns das situacións incluídas na programación.
- Recoñecer a idea xeral e ser capaz de obter información específica de textos escritos auténticos e adaptados procedentes de diversas fontes.
- Escribir textos breves en diferentes soportes, utilizando as estruturas, funcións e vocabulario axeitados para facelos comprensibles ao lector.
- Utilizar conscientemente os seus coñecementos lingüísticos como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación dun xeito guiado e progresivamente autónomo para buscar información e enviar e recibir mensaxes .
- Analizar aspectos sociais sobre os países anglosaxóns.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas neste curso e incluídas na programación.

### 9.2.1.1 2º ESO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos e mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.
- Responder preguntas sobre sí mesmo ou o seu entorno nalgúns das situacións incluídas na programación.
- Recoñecer a idea xeral e ser capaz de obter información específica de textos escritos auténticos e adaptados procedentes de diversas fontes.
- Escribir textos breves en diferentes soportes, utilizando as estruturas, funcións e vocabulario axeitados para facelos comprensibles ao lector.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas neste curso e incluídas na programación.

## 9.2.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º ESO

- Comprender a mensaxe xeral de textos sobre diferentes temas, e identificar detalles relevantes en mensaxes orais relacionadas con eles.
- Expresarse con fluidez e utilizando a correcta pronunciación-ton en conversacións sobre si mesmo ou o seu entorno nalgunhas das situacións incluídas na programación.
- Recoñecer a idea xeral e ser capaz de obter información específica de textos escritos procedentes de diversas fontes.
- Escribir textos breves en diferentes soportes, utilizando as estruturas, funcións e vocabulario axeitados.
- Utilizar conscientemente os seus coñecementos lingüísticos como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación dun xeito progresivamente autónomo para buscar información e enviar e recibir mensaxes .
- Analizar aspectos sociais sobre os países anglosaxóns.
- Identificar as estratexias de aprendizaxe utilizadas para progresar no proceso de aprendizaxe.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas
- Consolidar e usar estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas neste curso e incluídas na programación

### 9.2.2.1 4º ESO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- Comprender a mensaxe xeral de textos sobre diferentes temas, e identificar detalles relevantes en mensaxes orais relacionadas con eles.
- Responder preguntas sobre sí mesmo ou o seu entorno nalgunhas das situacións incluídas na programación.
- Recoñecer a idea xeral e ser capaz de obter información específica de textos escritos procedentes de diversas fontes.
- Escribir textos breves en diferentes soportes, utilizando as estruturas, funcións e vocabulario axeitados.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas
- Consolidar e usar estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas neste curso e incluídas na programación



### 9.2.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º BACHARELATO

- Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidos en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación sobre temas coñecidos, actuais ou xerais relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.
- Expresarse con fluidez e con pronunciación e ton adecuadas en conversacións improvisadas, narracións, argumentacións, debates e exposicións previamente preparados, utilizando as estratexias de comunicación necesarias e o tipo de discurso axeitado á situación.
- Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, a cultura ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos presentes ou futuros.
- Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos coa corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autoavaliación e de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.
- Identificar, poñer exemplos e utilizar de xeito espontáneo e autónomo as estratexias de aprendizaxe adquiridas e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para avaliar e identificar as súas habilidades lingüísticas.
- Analizar, a través de documentos auténticos, en soporte papel, dixital ou audiovisual, aspectos xeográficos, históricos, artísticos, literarios e sociais relevantes dos países a lingua dos cales se aprende, afondando no coñecemento dende a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que o alumnado coñece.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas. Recoñecer antónimos, sinónimos e “falsos amigos”, e formar palabras a partir de prefixos e sufixos.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas ata agora e as estudadas neste curso e incluídas na programación.

### 9.2.3.1 2º BACHARELATO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

- Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidos en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación sobre temas coñecidos, actuais ou xerais relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.
- Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, a cultura ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos presentes ou futuros.
- Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos coa corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Coñecer activa e pasivamente un número de palabras, expresións e frases feitas das áreas léxicas estudadas. Recoñecer antónimos, sinónimos e “falsos amigos”, e formar palabras a partir de prefixos e sufixos.
- Recoñecer, usar e producir as estruturas gramaticais estudadas ata agora e as estudadas neste curso e incluídas na programación.

## RUBRIC FOR WRITTEN PRODUCTION

### EVALUATION

<b>RANGE</b>	<b>DESCRIPTION</b>
<b>10-9</b>	<p>Syntactic correction; there may be some minor mistakes.            Good command of vocabulary and functions.            The topic is well structured and well argued.            It includes personal appreciations.            It has an adequate length.</p>
<b>8-7</b>	<p>Syntactic correction although there are some grammar mistakes.            Acceptable command of vocabulary.            There is logic and coherence in the topic.            There are some spelling and/or punctuation mistakes.            It has an adequate length.</p>
<b>5-6</b>	<p>The main message is clear though there are some syntax problems.            There are mistakes in vocabulary and spelling.            The grammar mistakes are, sometimes, serious.            Correct, but too simple for its level.            It has an adequate length.</p>
<b>4-3</b>	<p>The basic idea is clear, though some parts may not be.            It is not well structured.            Poor command of vocabulary.            Very simple grammar structures with serious mistakes.            It hasn't got an adequate length.</p>
<b>2-1</b>	<p>The message is frequently unclear.            There are serious mistakes in grammar, vocabulary and sentence construction.            It hasn't got an adequate length.</p>

## AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN ESCRITA

Banda	Descrición
RANGE	DESCRIPTION
<b>10-9</b>	<p>Corrección sintáctica; pode haber algún erro menor.                      Dominio do vocabulario e das función.                      O tema está ben estruturado e argumentado.                      Inclúe aportacións persoais.                      A extensión é a adecuada.</p>
<b>8-7</b>	<p>Corrección sintáctica salvo pequenos problemas de gramática.                      Dominio do vocabulario aceptable.                      Hai lóxica e coherencia no tema.                      Hai algún erros de ortografía e/ou puntuación.                      A extensión é a adecuada.</p>
<b>5-6</b>	<p>Enténdese a mensaxe básica aínda que hai algún erros de construción.                      Hai algún erros de vocabulario e ortografía.                      Os erros de gramática son, ás veces, importantes.                      Correcta, pero demasiado simple para o seu nivel.                      A extensión é a adecuada.</p>
<b>4-3</b>	<p>Enténdese a mensaxe básica aínda que á veces non queda clara.                      A presentación ten erros de estruturación.                      Vocabulario probe.                      Estructuras sintácticas moi simples e con erros serios de gramática.                      A extensión non é a adecuada.</p>
<b>2-1</b>	<p>Con frecuencia non se entende o que quere dicir.                      Serios problemas de construción da frase, vocabulario e gramática.                      A extensión non é a adecuada.</p>

<b>10-9</b>	Expresses him/herself fluently and correctly in a fully comprehensible way. Has ability to initiate the conversation. Answers questions quickly with little hesitation. Is able to improvise. Good accent, pronunciation and intonation. Uses grammar covered in class in an appropriate manner. Uses a wide range of the vocabulary studied in class.
<b>8-7</b>	Expresses him/herself in an adequate manner, with fluency and correction although making minor mistakes which do not hamper communication. May have some difficulties to initiate conversation. Is able to answer questions without hesitation. Accent and pronunciation are adequate. A few minor difficulties may arise in the use of grammar covered in class. Uses vocabulary covered in class quite adequately.
<b>5-6</b>	Has some difficulty to express him/herself. Makes some mistakes but is basically comprehensible. Hesitates in answering questions and may need further repetition or clarification. Is not able to improvise. Accent and pronunciation are sometimes incorrect. Grammatical errors are quite frequent but do not hamper communication. Only basic vocabulary is used.
<b>4-3</b>	Great difficulty to express him/herself. Error interferes and communication is sometimes impossible. Has difficulties to answer questions and is not capable of improvisation. Very deficient intonation and pronunciation. Basic grammar mistakes and poor vocabulary.
<b>2-1</b>	Practically incapable of expressing him/herself. Able only to answer basic question with one/two word answers. Hesitates constantly, needs clarification and/or repetition. Communication is severely hampered due to lack of vocabulary and basic grammar mistakes.

<b>NOTA</b>	
<b>10-9</b>	Exprésase con soltura e corrección dun xeito completamente intelixible. Pode iniciar unha conversación. Resposta ás preguntas rapidamente sen apenas dubidar. É capaz de improvisar. Bo acento, pronunciación e entoación. Usa de xeito adecuado as estruturas gramaticais traballadas en clase. Usa un amplo espectro do vocabulario traballado en clase.
<b>8-7</b>	Exprésase de xeito adecuado, con fluidez e corrección aínda que ás veces comete pequenos erros que non estorban a comunicación. Pode ter algunha dificultade para iniciar a conversación. Resposta ás preguntas sen dubidar nmoito. O acento e a pronunciación son adecuados. Pode ter algunhas dificultades menores no uso das estruturas traballadas en clase. Usa o vocabulario traballado en clase de xeito adecuado.
<b>5-6</b>	Ten algunha dificultade para expresarse. Comete algúns erros pero con todo enténdeselle ben. Dubida á hora de responder preguntas e pode que precise repetición ou aclaración da pregunta. Non improvisa. Ás veces o acento non é apropiado e a pronunciación incorrecta. Os erros gramaticais son frecuentes pero non estorban a comunicación. Só utiliza vocabulario básico.
<b>4-3</b>	Ten grandes dificultades para expresarse. Os erros interfíren coa comunicación que ás veces é imposible. Ten dificultades para contestar preguntas e non pode improvisar. Pronunciación e entoación moi deficientes. Comete erros básicos de gramática e usa un vocabulario pobre.
<b>2-1</b>	Practicamente incapaz de expresarse. Só sabe contestar preguntas básicas con respostas de unha ou dúas palabras. Dubida moito, necesita aclaración e/ou repetición. A comunicación é moi dificultosa debido á falta de vocabulario e s erros de gramática básicos.

## **RUBRIC FOR ORAL PRODUCTION**

### **AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN ORAL**

## 10 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación un modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar. O seguinte modelo será avaliado na última reunión de Departamento e os seus resultados incluídos na Memoria de Final de curso:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcázáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcázáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	



## 11 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Tendo en conta que a lingua estranxeira recibe a consideración de materia de contido progresivo, coa consecuencia de que a superación da materia do curso actual supón a superación da materia pendente, será o profesor ou profesora do alumno ou alumna no presente curso o que lle preste especial atención e determine as necesidades de reforzo educativo de cara á superación da materia pendente por ser o que mellor coñece a evolución de ese alumno ou alumna no curso actual.

Os contidos mínimos esixibles para a superación da materia pendente serán en todo caso os que como tales se detallan nesta programación.

O alumnado recibirá en cada avaliación, traballo relativo ós contidos do curso pendente. A profesora do curso actual será a encargada de facer o seguimento deste alumnado. O alumnado entregará as tarefas nas datas fixadas para cada avaliación e terá un exame no mes de maio. O **traballo** entregado será un **30%** e o **exame** será o **70%** da nota total. Se o alumno/a aproba a primeira e a segunda avaliación do curso actual, a materia pendente quedará aprobada e non necesitará facer o exame. De non aprobar de ningún destes dous xeitos, o alumnado terá dereito á convocatoria extraordinaria con un exame que a tal efecto se realizará no mes de xuño e que suporá o 100% da nota.

### **DATAS DE ENTREGA DE TRABALLO E/OU EXAME POR CURSO:**

#### **Pendientes de 1º E.S.O.:**

- 1ª Avaliación: A entrega dos traballos realizarase entre o 1 e o 12 de decembro.
- 2ª Avaliación: A entrega dos traballos realizarase entre o 6 e o 10 de marzo.
- 3ª Avaliación: Entrega dos traballos realizarase ó longo do trimestre e antes da data do exame.
- Exame: Realizaranse os de todas as materias os días 11,12,15 e 16 de maio.(Pendientes de calendario)
- Convocatoria extraordinaria en xuño: Realizaranse os de todas as materias os días 12,13,14 e 15 de xuño.(Pendientes de calendario)

### **Pendientes de 2º E.S.O.:**

- 1ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 1 e o 12 de decembro.
- 2ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 6 e o 10 de marzo.
- 3ª Avaluación: Entrega dos traballos ó longo do trimestre e antes da data do exame.
- Exame: Realizaranse os de todas as materias os días 11,12,15 e 16 de maio.(Pendientes de calendario)
- Convocatoria extraordinaria en xuño: Realizaranse os de todas as materias os días 12,13,14 e 15 de xuño.(Pendientes de calendario)

### **Pendientes de 3º E.S.O.:**

- 1ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 1 e o 12 de decembro.
- 2ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 6 e o 10 de marzo.
- 3ª Avaluación: Entrega dos traballos ó longo do trimestre e antes da data do exame.
- Exame: Realizaranse os de todas as materias os días 11,12,15 e 16 de maio.(Pendientes de calendario)
- Convocatoria extraordinaria en xuño: Realizaranse os de todas as materias os días 12,13,14 e 15 de xuño.(Pendientes de calendario)

### **Pendientes de 1º de Bacharelato:**

- 1ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 1 e o 12 de decembro.
- 2ª Avaluación: A entrega dos traballos realizarase entre o 6 e o 10 de marzo.
- 3ª Avaluación: Entrega dos traballos ó longo do trimestre e antes da data do exame.
- Exame: Realizaranse os de todas as materias os días 24,25,26 e 27 de abril.(Pendientes de calendario)
- Convocatoria extraordinaria en xuño: Realizaranse os de todas as materias os días 19,20 e 21 de xuño.(Pendientes de calendario)

A nota final da materia pendente daranse polo tanto no mes de maio e haberá outra correspondente á convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

A realización e corrección das probas correspondentes a 1º de bacharelato correrá a cargo da xefa do departamento.

## **12 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Nos primeiros días de clase, realizarase unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado que consta dos seguintes apartados:

- Comunicación oral: con actividades de comprensión e expresión oral.
- Competencia lectora: con actividades destinadas a comprobar a comprensión de textos escritos.
- Expresión escrita: actividades para avaliar a coherencia e cohesión escribindo e a corrección gramatical.
- Funcionalidade da lingua: actividades destinadas a comprobar o coñecemento básico de gramática e léxico.

Para cada apartado establécense os criterios que determinan se os ítems foron ou non superados. Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro trátanse os casos dos alumnos que se lles detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora.

## 13 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos elementos que máis potenciaba a LOE e continúaase potenciando coa LOMCE é a atención á diversidade. É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante o ensino.

É por esta razón pola que, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente deberase atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa a partir das actividades formuladas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben calibrar a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser conscientes en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Na materia de inglés trátase en todo momento e en calquera dos cursos a atención á diversidade de distintos xeitos:

Todos os libros de texto teñen exercicios de repaso preparados para máis de un nivel de dificultade.

Nas clases foméntase a interacción entre os alumnos, de xeito que haxa colaboración e axuda entre eles.

A atención á diversidade está contemplada na metodoloxía, nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula e nos materiais utilizados.

Cada unidade péchase con actividades de reforzo e ampliación para traballar a diversidade na aula, repasando os contidos básicos estudados.

En base ao recollido no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

- ▲ *Artigo 7. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo 1. Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e*

*competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.*

Establécense as medidas oportunas para este alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por **TDAH**, tales como adaptación de instrumentos e, de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

De igual xeito, establecemos a localización máis idónea deles na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros/as que lles sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse establecer todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

#### Elaboración de **Adaptacións curriculares:**

Neste curso aínda non sabemos cantos alumnos/as teremos con necesidades específicas, polo que se establecerán máis adiante as medidas oportunas que atendan as súas necesidades.

Este curso **non** teremos grupos de **Programa de Mellora**, en 2º. Sí temos P.D.C. en 3º da E.S.O. para alumnos con especial dificultade.

Tampouco se realizarán os **desdobres** nos grupos de 2º de ESO.

Este curso 2022-2023 contaremos coa colaboración dunha **auxiliar de conversa**, procedente de Estados Unidos. Axudaranos a fomentar as competencias e destrezas de carácter oral e cultural. Estará dende o 1 de outubro ó 31 de maio cun total de 16 horas de clase semanais.

## 14 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Incorporaremos o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TAC a través de:

- Recursos on-line con práctica interactiva, video, material de audio ...
- A versión dos libros dixitais: *Student's Book* e *Workbook*.
- A consolidación da aprendizaxe a través das actividades interactivas dos vídeos
- O uso das TAC para presentación dos proxectos:

En todos os cursos dende 1º de ESO ata 2º de Bacharelato, o alumnado dispón dunha **Aula Virtual** onde se recolle todo o material e pode practicar, repasar e perfeccionar o visto na aula.

Ademais, os métodos que utiliza o alumnado dispón dunha páxina web personalizada, á que o profesor ten acceso, corrixe e revisa o traballo feito polo alumnado, facéndolle chegar de modo personal os comentarios que considere oportunos ante o traballo realizado.

O emprendemento tamén se traballa xa que os métodos utilizados axudan ó alumnado a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de:

- Os *unit openers* e as actividades de produción oral permiten ós alumnos expresar a súa opinión persoal, escoitar a outros alumnos/as e os fai reflexionar, por exemplo, sobre considerar outras ideas.
- Os proxectos supoñen un reto para o alumnado en canto a traballo cooperativo en grupos, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

Tamén se fomenta a **educación cívica e constitucional** xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario.

## 15 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso 2022-2023 o departamento de inglés levará a cabo as seguintes actividades complementarias, todas elas serán dentro do centro e en horario lectivo:

- *Story Telling*: Contacontos inglés / galego. A cargo de Charo Pita que narrará en galego e de Patricia McGill que narrará en inglés. Trátase de contar contos populares de tradición oral, simultaneamente en inglés e galego. Esta é unha actividade que se vén levando a cabo dende hai anos e con grande aceptación por parte do noso alumnado. É unha actividade organizada xunto co departamento de galego. Será o luns 19 de decembro no auditorio en tres sesións diferentes: unha para 3º de E.S.O., outra para 4º de E.S.O. e outra para 1º de bacharelato.
- *Cultural Classes*: Esta é unha actividade que nos ofrece a editorial BurlingtonBooks dirixida a 3º e 4º da E.S.O. Trátase de dúas charlas dirixidas a fomentar o coñecemento da cultura anglosaxona. Serán o martes 31 de xaneiro.
- *Cultural Sessions: Global English*: Esta é unha actividade que nos ofrece a editorial Macmillan e dirixida a 1º da E.S.O. e 1º de bacharelato. Trátase de catro charlas dirixidas a fomentar o coñecemento da cultura anglosaxona. Serán o luns 20 de marzo.
- Teatro interactivo: A cargo da compañía FACE 2 FACE. Coa obra: *That's life*. Dirixida a 3º e 4º da E.S.O. e 1º de bacharelato. Esta actividade resulta moi cara para o centro e non podería levarse a cabo se non fose porque a ANPA faise cargo do importe. Será o 9 de maio no auditorio do centro.
- En colaboración coa biblioteca, o departamento de inglés participará nas actividades propostas para o Samaín (xogos, contacontos...) que se celebrará o 28 de outubro.

O departamento de inglés, como ven sendo habitual, participará nos **Proxectos de centro** que se nos propoñan. Traballando de maneira interdisciplinar e facendo que participen o maior número posible de alumnos/as de todo o centro.

## 16 FOMENTO DA LECTURA:

### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó PLAN LECTOR

A contribución da materia de inglés ó plan lector e moi grande. En cada un dos cursos dende 1º de ESO ata 2º de Bacharelato, contéplase a lectura de diferentes textos e de xeito voluntario, de libros e/ou relatos. Os mencionados *readers* están adaptados gradualmente por cursos atendendo ó nivel do alumnado.

O Departamento de inglés ten participado na creación das bibliotecas de aula / a hora de ler, para a ESO e seguirá na mesma liña este curso. Dedicando o tempo que así se estableza para a lectura comprensiva dentro da aula.



## 17 FOMENTO DAS TAC:

### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó PLAN TAC

Fai xa algún tempo que se deixou de chamar T.I.C. (Tecnoloxías da Información e do Coñecemento), para pasar a chamarse T.A.C. (Tecnoloxías do Aprendizaxe e do Coñecemento).

O Departamento de inglés colabora co desenvolvemento do plan TAC do seguinte xeito:

- En todos os cursos dende 1º de ESO ata 2º de Bacharelato, o alumnado dispón do libro en formato dixital, que se utiliza acotío nas aulas.
- En todos os cursos dende 1º de ESO ata 2º de Bacharelato, o alumnado terá que utilizar o *workbook* de xeito dixital, non en papel. O profesor terá acceso, poderá corrixir e revisar o traballo feito polo alumnado, facéndolle chegar de modo persoal os comentarios que considere oportunos ante o traballo realizado.
- En todos os cursos dende 1º de ESO ata 2º de Bacharelato, o alumnado dispón dunha páxina web onde pode practicar, repasar e perfeccionar o estudado na aula.

## 18 FOMENTO DA IGUALDADE:

### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó PLAN DE IGUALDADE

As intervencións do departamento de inglés para colaborar có plan de igualdade son as seguintes:

1.- Nos libros de lectura **de carácter voluntario** establecidos polo departamento para todos os niveis da E.S.O. e do Bacharelato, inténtase ter en conta un reparto equitativo de autores e autoras. As escritoras que le o noso alumnado son as seguintes:

- **Hart, Julie:** *All about Britain.*
- **Akinyemi, Rowena:** *Love or Money.*
- **Hardy-Gould, Janet:** *Henry VIII and his six wives.*
- **Shelley, Mary:** *Frankenstein.*
- **Smith, Fiona:** *A Foreigner in Britain.*
- **Bronte, Emily:** *Wuthering Heights.*

2.- Os libros de texto utilizados en todos os niveis da E.S.O. e do bacharelato están elixidos tendo en conta os seus contidos de fomento da igualdade.

3.- Os textos e actividades realizadas na aula teñen autoría masculina e feminina, tratando de que a autoridade intelectual estea equitativamente repartida entre homes e mulleres.

4.- Nos días sinalados polo plan de igualdade, así como en calquera outra data, realizamos a nosa aportación coeducando na igualdade, mediante a posta en práctica de diferentes tarefas nas aulas.

As datas sinaladas son: **25 de novembro:** Día contra a violencia de xénero (International Day for the Elimination of Violence against Women). **11 defebreiro:** Día internacional da muller e da nena na ciencia (International Day of Women and Girls in Science). **8 de marzo:** Día das mulleres (International Women's Day).

As tarefas que se levan a cabo ó longo do curso e por suposto, nestas datas sinaladas son:

- Visionado en inglés sobre o sufraxio feminino en Gran Bretaña (coa realización das correspondentes tarefas)
- Visionado da TedTalk a cargo de Chimamanda Nogzi : *Todos deberíamos ser feministas*, e a realización das actividades correspondentes.
- Presentación por parte do alumnado das estatísticas de mulleres asasinadas en países de fala inglesa.

- Visionado da película *PRIDE* en versión orixinal con motivo da celebración da diversidade afectivo sexual. Posterior debate, actividades e conclusións por escrito.
- Recorrido polo listado de autoras de fala inglesa que tiveran un premio Nobel ou similar e comparativa có listado dos seus compañeiros homes.
- Proxecto/ Actividades sobre as mulleres inglesas no cine: actrices e directoras.
- Proxectos / Actividades sobre mulleres relevantes en distintos campos ó longo da historia:
  - **Florence Nightingale** ( A muller que profesionalizou a enfermía)
  - **Isabel Zendal** ( A muller galega considerada pola OMS a primeira enfermeira da historia en misión internacional)
  - **Hypatia de Alejandría** ( A matemática, filósofa e astrónoma grega que fundou a escola neoplatónica de Alejandría)
  - **Marie Curie** ( A científica polaca que descubriu o radio)
  - **Lise Meitner** (A científica austríaca que descubriu a fisión nuclear)
  - **Bárbara McClintock** ( A científica estadounidense que recibiu o Premio Nobel en medicina polos seus descubrimentos en xenética)
  - **Rosalind Franklin** ( A química británica que pese a que morreu moi xoven fixo grandes descubrimentos respecto á estrutura do ADN)
  - **Jane Goddall** ( A etóloga inglesa mensaxeira da paz da ONU considerada pioneira no estudo dos chimpancés)
  - **Malala** (A activista paquistaní que sufriu un atentado por parte dos talibáns e é a persoa máis xoven en obter o premio Nobel da paz)
- Calquera outra actividade que veña suxerida polo departamento de igualdade.

## **19 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN CÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Os criterios utilizados polo Departamento Didáctico de inglés para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións.

Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

## 20 PROFESORADO MEMBRO DO DEPARTAMENTO

- FONTENLA BLANCO, ANA MARÍA (Xefa do Departamento)
- GARCÍA ARIAS, MARÍA JESÚS (Profesora con destino definitivo)
- GARCÍA FERNÁNDEZ, CAROLINA (Profesora con destino definitivo)
- GÓMEZ LÓPEZ, MARÍA JOSÉ (Profesora con destino definitivo)